Celso Emilio Ferreiro (A poesía cívica)

- Biografía:
    - Celanova (1912) - Vigo (1979)
    - Emigrou a Venezuela.
    - Usou o pseudónimo de Arístides Silveira.
    - Dirixiu a colección de poesía "Benito Soto", en Pontevedra
    - Dirixiu a aula de Literatura Galega do Ateneo de Madrid
    - Participa nas eleccións do 77 na candidatura nacionalista "Unidade Galega"
    - Introduce o socialrealismo a través dunha poesía comprometida, herdeira da poesía cívica de Curros Enríquez.

- Poesía:

- lírica coloquial e popular
- Poesía intimista: amor, fugacidade da vida...
- poesía satírica: crítica de comportamentos sociais e individuais.
- intención cívica
- condición social do destinatario

- Obras:

- O soño sulagado (1955).

Voz persoal inscrita na "Escola da Tebra"

Conflúen as liñas poéticas e contidos da súa obra: amor, amizade, emigración, antibelicismo, reivindicación social. Tamén predomina a poesía intimista, de carácter existencial, na que se cuestiona o sentido da vida e se atormenta polo paso do tempo, deixando atrás o paraíso da infancia.

Combina versos hendecasílabos e heptasílabos.

Utiliza figuras de repetición.

Emprega imaxes simbólicas: natureza, paisaxe de Celanova, infancia, noite, primavera, vento...

- Longa noite de pedra (1962):

A) **lírica social** (denuncia crítica)
- predominio de composicións de carácter cívico con contidos sociais.
- ideoloxía que combina o nacionalismo galego co marxismo.
- rexeitamento total do conformismo.
- o seu título pasa a utilizarse como símbolo da situación que vive o país baixo a ditadura franquista.

B) **lírica lírico-intimista existencial**
- infancia e mocidade.
- paraísos perdidos nos que non existía o sufrimento

- Viaxe ó país dos ananos(1968), dúas partes diferenciadas:

A) 1ª trata dos "ananos": emigración
- Racha coa visión idealizada da emigración
- carácter satírico.
- critica a unha sociedade de emigrantes resignada e desideoloxizada dominada polos "ananos" enriquecizos a base de explotar os seus irmáns e que rexeitan das súas raíces.

B) 2ª parte máis belixerante
- defensa dos dereitos humanos, a paz e a liberdade.
- tamén ten poemas de carácter intimista.

- Cantigas de escarnio e maldicir, ton satírico e belixerante

- Cemiterio privado, colección de epitafios satíricos.

- Onde o mundo se chama Celanova, lirismo e saudade, predomina a poesía de carácter intimista, sen abandonar de todo a cívica.
- Nostalxia pola terra natal, Celanova.
- poemas amorosos adicados á súa dona Moraima.

- Cartafol de poesía,
- Terra de ningures
- Antipoemas.

- Narrativa:

- **A fronteira infinda**, contos dun mundo (realidade latinoamericana) marcado polas ditaduras.
- A taberna do galo, narracións humorísticas baseadas no anecdotario popular.